

## Fixeches algunha vez unha entrevista?

Antes da entrevista, prepara un **guión** con antelación, así poden ocorrerse preguntas interesantes. É mellor non improvisar toda a entrevista, ao mellor non se nos ocorre nada no momento e os nervios non axudan moito. É fundamental pedir permiso para poder gravar á túa interlocutora, así como para utilizar a gravación ou as fotos que nos dea. Non esquezas levar impresas as **autorizacións** e lembra que chas asinen.

Ademais, deixámosche aquí algunhas **recomendacións** para que teñas en conta antes de comezares unha entrevista:

- **Identifica a fonte:** Anota o nome da persoa entrevistada, o lugar e a data da entrevista e outros datos de interese (a época dos feitos que se fala, se era da cidade ou da aldea, se tiña máis ou menos cartos, etc.).
- **Crea confianza:** Xerar un clima de confianza coa túa interlocutora vai facer que se sinta máis cómoda na túa compañía e se abra a contarche máis cousas. Como facelo? Con sinceridade, actuando con humildade e respondendo preguntas sobre ti mesma ou sobre o proxecto.
- **Escoita con calma:** Non lle metas presión á persoa coa que falas, desfruta da conversa e pensa que de todo se aprende, podes atopar cousas ben interesantes no que che están a contar.
- **Grava e toma notas:** Grava a entrevista para que nada fiquese no esquecemento e poder escoitar a gravación cando sexa necesario. Non esquezas pedir permiso á túa interlocutora para poder gravala. Se vas facer moitas entrevistas, leva un caderno de notas e apunta as cousas máis importantes, porque ás veces non lembramos quen dixo cada cousa e as notas poden ser de axuda para facer memoria de forma rápida sobre o que nos contou cada quen.
- **Emprega a táctica do funil:** Comeza facendo preguntas abertas e non condicionadas as respostas. Os recordos chámanse uns aos outros e falar facilitará a súa lembranza, mais ten en conta que as lembranzas son materias fráxiles que se poden ver facilmente influenciadas polo xeito de preguntar.

Non é o mesmo preguntar:

“Comiades ovos fritos?”

“Ás mulleres non vos deixaban ir soas ao baile?”

que dicir:

“Que comiades os días de diario?”

“Os días de festa, facíades algo especial?” ou “En que consistían as diversións cando eras moza?”

- **Valora o coñecemento da persoa coa que falas:** Mostra interese polo que che conta a túa interlocutora e isto animaraa a que conte máis cousas.
- **Deixa espazo entre as cuestións:** Pode ser que nalgúns momentos atopemos moitas cousas para preguntar e transformemos a conversa nun interrogatorio. Déixalle tempo para contar o que queira, toma nota e volve máis tarde a algunhas cuestións.
- **Contrasta a información:** Podes preguntar en varias ocasións sobre as mesmas cuestións para verificar a lembranza da persoa.
- **Sé agradecida/o:** Agradécelle o seu tempo á túa entrevistada e, cando se presente o resultado da investigación, faille saber o que se fixo coa súa entrevista, móstralle o resultado na nosa web: [dogrisaovioleta.gal](http://dogrisaovioleta.gal)